



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2008

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:.</u> Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Ana M^a Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez Dna. Mercedes Grande Regueiro. D^a Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto nº 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE OUTUBRO DO 2008

Intervén o Alcalde-Presidente: “O primeiro punto da orde do día que trata da aprobación da acta do 27 de outubro que como podedes observar ten 80 páxinas e en consecuencia, facer un acta desta magnitude para o seguinte Pleno é moi traballosa e aínda por riba sen fallos é practicamente imposible, en consecuencia, sen prexuízo de que efectivamente siga existindo flexibilidade nas intervencións, dende a Alcaldía Presidencia se vai avisar que se leva falando cinco minutos, e logo de cinco minutos máis outro aviso, e que se non se ten constancia de que hai intervencións de 35 minutos, seguiremos con actas de 80 páxinas en consecuencia os funcionarios teñen razón en dicir que é imposible traer a Acta a seguinte sesión plenaria porque lóxicamente é titánico. Pasamos á aprobación se procede da Acta.”

Toma a palabra a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez: “na páxina 32 e 33 da Acta se me nomea como Abeal Bouza, eu son Abeal Pérez, na páxina 33, na segunda liña se dí que podería servir un tipo de regulamento non regulamente, nada máis que este erro tipográfico. “

O Sr. Alcalde somete a aprobación da acta con estas correccións e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación.



Punto nº 2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO POS 2009

Intervén o Alcalde-Presidente: “Xa se adiantou efectivamente en qué ían consistir estas actuacións e en consecuencia, se abre un turno de intervencións”

Toma a palabra o Voceiro do NAL Sr. Luis Céndán Fernández: “ Bós días, eu quería reproducir a intervención que fixen na comisión informativa con respecto a este tema e por orientarnos cómo foi todo o procedemento ata o día de hoxe; vou comezar polo menos e o voceiro que está falando se lle comunica a proposta que vai incluír o POS 2009 na Xunta de Portavoces, para a preparación dos asuntos da orde do día do Pleno, alí por parte doutro voceiro se propón que se faga unha comisión informativa a cal se fai o día de onte e se presentan os proxectos definitivos, e a última hora na xunta de voceiros, creo que se entregou un dos proxectos do POS 2009; ese mesmo día da comisión a miña sorpresa é que en nota de prensa publicada tanto no Diario de Ferrol coma na Voz de Galicia, se nos comunica en que ía consistir o POS 2009 e que obras ían levar, e entón estaban anunciando a dotación de redes pluviais concretamente na rúa Rodríguez Castelao e xa digo, tanto nun diario como en outro incluía a rede de pluviais nesta rúa e logo se comprobaba nos proxectos técnicos que iso non estaba. Quero dicir con isto que si isto fora á comisión informativa para que os voceiros aportáramos propostas non teríamos o problema de agora de tratar de resolver cousas que ó mellor non se poden resolver, e eu me vou inclinar pola filosofía do grupo que é non votar non ás obras, pero si se poden mellorar as propostas, como nesta ocasión, porque creo que as propostas que hoxe se traen aquí ao POS 2009 entendemos dende a nosa posición, que había outras prioridades e ademais estudados os proxectos, xa digo, na nosa opinión, creo que isto vai ser unha inversión desgraciada de algún xeito, e me vou explicar. Está dentro da rede de pluviais da Avda de Os Castros, está a recollida de pluviais, sabes Alcalde, que moi cedo se vai pasar por alí coa EDAR, co cal nos primeiros meses de execución do POS se fai esta obra, practicamente hai que rompelo, entón creo que esta obra se podía incluír como xa se dixo pola túa parte, no tema da execución da EDAR, eu creo que esta era unha desta obra, xa que parte do tramo da Avda. Os Castros está recollida na rede de pluviais e só quedaría un tramo na parte esquerda sen recollida de pluviais, polo tanto esta obra poderíamos tratar de xestionala coa execución da EDAR perfectamente, por tanto que isto vai ser unha inversión dende o noso punto de vista, unha inversión que non vai a solucionarnos en cuanto á inversión e á proposta grandes logros porque entendemos que estes recursos se poden administrar doutro xeito.

En canto á outra obra que se fala da Rúa Mazote, nos vemos no mesmo problema, ou unha cousa parecida, aquí se encargou un proxecto para a recollida de pluviais concretamente á unha empresa e por outra parte hai un proxecto de toda a Avda Mazote que se encargou a CEINSA concretamente. Este proxecto que está ó redor dos 600.000 € que parte del, lle corresponde ás promotoras que edifican na Rúa Mazote, estamos falando que ó mellor, non mirei con profundidade, estamos falando ao mellor, de que as obras que se van executar no proxecto que inclúe o POS 2009, teñen que ver coas obras que nós pretendemos executar no proxecto que está feito no Mazote. En canto á obra de reparación de asfaltado da Igrexa ó Lg de Sandes, eu entendo, ó mellor estou equivocado, que estamos falando do camiño da Louseira, hai un tramo que vai ao Lg de Sandes e según se pode recabar no proxecto o trazado é polo camiño de A Louseira e sabemos que ao finalizar este camiño, está previsto colocar alí un depósito de auga, creemos que esa obra que se vai executar dentro do Plan de Cooperación dos Concellos e parte da inversión podemos denominala non moi apropiada para estes momentos, entón estas cuestións que digo aquí, que ó mellor unhas son certas e outras menos, xa digo que non puiden preparar o tema como quixera, pero me atopei con estes problemas que ó mellor o Alcalde nos resolve, e creo que é unha pena que unha vez realizada a obra que veña outra obra e incluso coa xestión política en canto á execución da



EDAR coa baixa que tivo, e concretamente esta obra de O Castro se podía asumir. Referente ao asfaltado do camiño de Sandes, non sei para cando estará, sí sei que o camiño está en estado lamentable e debido ó tempo, haberá que facer un rebacheo alí, e non pode ser factible agardar á obra da auga na parroquia de Cervás. Creo que estamos a tempo de reconsiderar, o prazo dos proxectos remata o día 29, e como xa temos un, o proxecto do Mazote, pois perfectísimamente, parte do POS se podería incluír ahí, e sobor de todo engadindo a parte política que ó mellor algunhas promotoras xa fixeron a urbanización que lles corresponde pola urbanización que fixeron, pois habería que cuantificalo e descontalo de alí, e remitir ese proxecto para o POS porque se non nos podemos atopar co problema de que según rematamos de facer a recollida de pluviais no Camiño de O Castro, pois que se teña que romper porque vai o trazado da EDAR polo mesmo camiño, estamos a tempo de reconsiderar esto, creo que temos o proxecto importante para desenrolar, creo que colle parte da inversión que ven no Proxecto de PROYFE, con respecto ao Mazote e se non podemos executar o 100% executamos o 40% e coa parte das promotoras o 60%, con isto digo, que a nosa filosofía é estar a favor das obras pero á hora de estudar o tema atopámonos con estes pormenores e por elo digo que hai que reconsiderar, se non o meu voto vai ser a abstención, se non se me explica e se me convenza de que non vai ser o que acabo de expoñer pois me vou abster no POS.”

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Moitas gracias, bueno, duas cuestión, con referencia a este punto, unha sobre procedemento e outra sobre a proposta que hoxe se trae aquí. Sobre o procedemento xa se falou algo e eu quería ser máis explícito só hai unha fórmula de practicar o consenso que é poñer a disposición da Corporación a información e os debates para que despois poidan saír as posicións que unifiquen se é que se ten interés, os diversos puntos de vista. O escrito da Deputación avanzándonos o diñeiro que dispomos e marcando prazos para a contratación dos proxectos e tema de orzamentos, o escrito entra o 6 de setembro, e nós tivemos a primeira reunión para dar conta disto o 21 de novembro, mes e medio despois e nese mes e medio quen tivo capacidade de debate e informar foi o grupo de goberno e non o resto dos grupos, polo menos o noso, resulta cando menos imposible formular propostas cando non hai participación do conxunto da corporación, porque si ao final da xuntanza de onte, que fixóse a petición do noso grupo, si ao final a maioría dos grupos fixeramos unha proposta de obras alternativa, pois hoxe non teríamos aquí os proxectos e sería imposible dar traslado desta proposta á Deputación antes do día 29, porque non se fan os proxectos técnicos en dous tres días, nin ó mellor nun mes, eso con respecto ao trasfondo de todo isto porque hoxe vimos a discutir sobre un procedemento que debimos traer resolto si se nos indicara no mes de setembro que estaba ese escrito ahí, e se hai consenso ben e si non o que queira a maioría. Neste caso vamos facer o procedemento ó revés.

Contido da proposta do grupo de goberno; eu quería recordar que hai un compromiso deste Pleno, por unanimidade, de que se elabore un plan de rehabilitación de viais municipais e que se empece a executar segundo as necesidades e prioridades e outro compromiso do último pleno en torno aos proxectos de saneamento e abastecemento de zonas do Concello que aínda non o teñen e curiosamente agás unha proposta que vai como complementaria, o resto non se abordaron aquí.

Sobre a proposta concreta sobre o que se dixo da rúa Os Castros, isto é o resultado, se onte miramos os proxectos, canto máis os miremos máis dúbidas teremos, aquí se acaba de apuntar un interrogante a respecto da necesidade de facela a través deste método. No caso do vial á Loseira somos favorables a que se faga pero en todo caso este é un dos peores camiños do noso termo municipal e somos favorables a que en coherencia do que se dixo de elaborar esa folla de ruta para os viais pois o fagamos a través da primeira oportunidade que teñamos. Discrepamos coa solución,



que non coa urxencia, que se dá á zona do Mazote por varias cuestións. Nós levamos dous anos pedindo por escrito, 1º á anterior corporación e logo con esta, xa rexistramos un escrito o 6 ou 7 de decembro do 2007, e que se fixera unha actuación global e que os costes se imputara preferentemente aos responsables directos da situación, que non son os veciños que levan alí 40 anos, senón a algo que xa se explicita na propia memoria que elabora a empresa que fixo o traballo, que é a actividade urbanística que se desenvolveu neste ano. Nós somos favorables, a que o Concello non teña que absorber os custos derivados da promoción urbanística que reporta grandes dividendos ás empresas e que reporta poucos dividendos ao conxunto da colectividade. Nós non podemos acreditar polo tanto que si hai que facer unha actuación urxente na zona do Mazote, que hai que facela, a través da solución que se trae aquí, que ao mellor se pode mellorar, pero que é urxente, pero sí que facela a través do único plan da Deputación que nos permite facer obras de infraestrutura no noso Concello, polo tanto nós pensamos que cos cartos de todos non podemos resolver, o problema que nos crearon as inmobiliarias. Dende ese punto de vista hai 50.000 € que despois o prezo de licitación suba a 60 e pico de mil euros, que pensamos que habería que adicar a outras necesidades que ten o noso concello, e buscar outras alternativas.

Nós facemos unha emenda á proposta que se trae, incluír como 1ª actuación o camiño que vai a Louseira, para que se nos entenda, está ben definido como a zona Camiño de Sandes, está ben o proxecto, incluír de 2ª actuación, a actuación nos Castros e deixar a actuación no Mazote como unha actuación complementaria a espensas de negociar que ben o 10% ou ben unha parte importante se inclúa na actuación global que referiu o voceiro que me precedeu ou polos promotores das obras que se están facendo, que son os máis beneficiados polas actuacións que se están facendo nesa zona e son sin que isto se interprete como unha acusación de nada, son os directamente responsables do caos que vive O Mazote, dende o punto de vista da seguridade viaria e peatonal, do saneamento e do abastecemento que vive esta zoa, e polo tanto nós deixamos esta obra como complementaria a espensas de que se negocie e dende logo que se pague ou ben na súa totalidade ou nunha parte considerable por parte dos promotores, esa é a emenda que facemos de invertir o sentido das propostas que se traen, gracias”.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: “Bos días, eu en principio deciro que a nosa filosofía e o vimos reiterando nos Plenos, e que hai certos puntos negros que temos que eliminar, deciro que os puntos negros que nos quedan no Concello, en canto ás obras, un importante é o tema do Mazote, como falou o voceiro do BNG o Mazote é un punto negro a eliminar pero non é certo o que dí porque o problema que temos ahí, coa inundación da rúa Real, levamos con el 15 anos, a rúa Real se inunda e iso non foi por este tema. É un tema que ven con carga o saneamento e cando chove moito se inunda e creo que dende o Concello fai tempo que temos que absorber este tema. Estamos de acordo con estas obras e hai un voceiro que interveu aquí co tema das obras da EDAR no Castro e esa información, así en principio non a teño. Quero que se aclare e si hai duda de que vamos facer obras e rompelas en dous meses hai que matizalo ben e non pasa nada se hai que pedir unha prórroga do POS se pide, como fixemos xa co do 2007, e os voceiros que están falando votaron en contra e ós poucos meses votaron a favor. Hai que ser responsables. Estamos de acordo coas obras e o único inconvinte que poñemos é o desa obra que temos que aclarar se hai que rompela en dous meses, creo que non. Con respecto á emenda do BNG eu posicionar o voto dicindo que unha, dous xa están recollidas e comprometer o Mazote, esas obras as urbanizacións xa, nós en principio fixemos un proxecto de CEINSA para facer todo completo e se vai facendo pouco a pouco. Se non hai duda e se nos da unha explicación, vamos votar ao POS tal e como está. Non vamos aprobar un POS que aos 2 meses, temos que romper, gastar o diñeiro e logo que veñan outros e rompan hai que evitalo no posible, e seríamos o admerreir de toda a cidadanía. Eso hai que contrastalo e se non é certo, nós votaremos favorablemente ao POS.”



Intervén o Alcalde Presidente: “por parte da Alcaldía, evidentemente houbo un problema cos proxectos, porque veñen tarde, pero creo que o contido das obras foron avanzados en diferentes comisións de xeito verbal ao fio da contaminación con fecais do río Xunqueira, se falou por activa e pasiva do expediente de Augas de Galicia, e de que había unha vontade do equipo de goberno, de quitar as fecais do río Xunqueira. Son os enxeñeiros os que fan os proxectos, a enxeñería coa que traballa o Concello é a de sempre, non é de agora, con estes proxectos de POS E POL se atasca porque piden todos os Concellos e sí é certo que o proxecto veu moi tarde. Na Xunqueira hai fecais que son un problema de salubridade, e este verán foi un drama a situación que tivemos na praia e todos sabemos que é vontade precintar os aliviaderos para que as pluviais separadas das facais vaian limpas ao río sen sobrecargar ás fecais. O avanzamos fai tempo se non se nos entendeu é culpa nosa pero o contido do POS todo o mundo sabía que por razóns de urxencia, polo expediente de Augas de Galicia e é para sacar as fecais de A Xunqueira. Evidentemente esto esixe unha dobre vía evitar a sobrecarga de pluviais das zonas altas e por aí veñen as augas dos Castros e do Mazote entón hai que botalas limpas ao río e dalgun xeito aliviar as fecais porque cando hai sobrecarga a porquería sae polas alcantarillas arriba por moitas zonas do pobo. A finalidade destas obras, aparte de que veñen motivadas pola presenza de fecais na Xunqueira foi moi sinxelo porque é un procedemento habitual, se lle dí a Aquagest que o máis urxente é isto. A parte do problema dos aliviaderos, eu non sei dende cando levan eses aliviaderos ahí, eu non os mandei poñer e cando hai moita choiva a solución non é que a porquería vaia ao río, a urxencia da obra ven delimitada pola situación que hai. E cando se pregunta a Aquagest nos dín que o punto negro é este, un dos máis importantes. Non nos quedaron moitas opcións mellores para propoñer ó POS. Que pode coincidir coas obras da execución da EDAR, pois precisamente, tentaremos que se executen ao mesmo tempo para aforrara obra civil. Cando veña o colector de Fene, que pasa por ahí pois zanza aberta metemos tamén el POS e laguen aforra diñeiro que meteremos noutras cousas. Se trata de facer coincidir as obras no tempo àra que a obra civil sexa común. Unha vez aberta a zanza, e somos conscientes de que é unha posibilidade, vamos a velar do tempo de execución. As obras da EDAR comezan en xaneiro, estas obras para o ano que ven, e si se abre unha zanza a obra civil ten que ser común e si se meten estas canalizacións de pluviais hai que deixar sitio ao colector, a secuencia é así, hai que facer coincidir a obra e se pode porque é pretensión de Augas de Galicia facer coincidir o saneamento de Chanteiro coa EDAR e non é casualidade, que nós aquí no Pleno do xoves pasado aprobáramos a EDAR e automáticamente saíra á Información Pública no BOP o saneamento e abastecemento de Chanteiro, é dicir todo nun lote, non so o saneamento senón tamén o abastecemento e está a información pública e se pode consultar e o que se pretende é aforrar cartos e que a obra civil sexa coincidente. O problema do Mazote por desgracia non o causaron as inmobiliarias, son uns aliviaderos que levan uns 15 anos. Fai 15 anos no había edificios no Mazote, pero a porquería xa saía ao río Xunqueira, agora ninguén foi, ninguén mandou poñelos. Como mínimo levan 15 anos e quén. Ninguén sabe nada. Isto trata de arrancar uns aliviaderos de fecais que verten na Xunqueira. Aquí houbo Alcaldes que teñen que coñecer que hai aliviaderos e non había obras; non confundamos. O que se trata de arrancar son verquidos ao río Xunqueira que levan ahí moito tempo e as inmobiliarias son culpable de moitas cousas pero desto non, porque nos seus edificios aínda non vive ninguén e polo tanto non hai saneamento, de momento creo que non se pode responsabilizar a ninguén só digo que hai uns aliviaderos que alguen mandou poñer no seu día, non sei quen. En canto ás dúbidas que presenta o P.P. xa digo que coa temporalidade vamos aproveitar as obras ao mesmo tempom e o colector xeral que ven de Fene, ao que non se pode conectar nada, e logo estes tubos quedarán ao seu marxe e coincidindo ambas obras. Se con isto se dan por contestados os grupos ¿procedemos á votación?

Intervén o voceiro do NAL: “Por alusións Alcalde, eu en ningún momento da miña exposición dixen que non fora necesaria a obra do Mazote, é máis aportei que o POS se adicara ao



Mazote porque hai xa o proxecto de CEINSA de 600.000 € concretamente ese é un punto negro prioritario, e xa ven da legislatura pasada porque sabíamos que nos íamos atopar con estes problemas e que sen solución, cada un urbaniza á súa maneira sen ter en conta o proxecto para darlle unha solución uniforme a todo o Mazote.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Se me permites Luís, ese proxecto tiña que terse executado no seu día a través de contribucións especiais, presentas o proxecto colles a cada promotor e segundo a súa obra fas os cálculos e lle corresponde tanto, e ti cos seus cartos o executas. No seu momento non se executou por contribucións especiais, entón tes que impoñer a unha serie de promotores, cada un en fases distintas de execución, ou do que vai ser o seu futuro, algún non quere rematar as súas obras porque non venden e entón como eso se vai alongar e xa atopamos a solución provisional pero a atopei onte, que fun a Augas de Galica con Felipe de la Vega, o Director do proxecto da EDAR lle esixin que a maiores do saneamento e abastecimento de Chanteiro, se esixiran a COPASA asumir a situación grave do Mazote e en consecuencia non se me ocorreu outro xeito, o que sei e que os promotores que agora mesmo hai é unha situación complicadísima e non se pode confiar nesa xente para executar o proxecto porque o vindeiro verán voltarán as augas fecais ás praias, porque o temos que resolver nós, porque é urxente. Entendernos con eles é complicado e estou tentando sacarlle a Augas de Galicia outro beneficio pola EDAR, agora, que non o arranxa Augas de Galicia, presentaremos un proxecto en Política Territorial, e ao non terse executado por contribucións especiais ti sabes que hai contratistas no Mazote que non van contribuir, porque non van rematar a obra.”

Toma a palabra o Voceiro do NAL: “Alcalde, ti agora te centras máis no tema, porque cando modificasteis o proxecto coaqs aceras que eran de 2m. e se modificaron a 4m eliminando o aparcamento. Nese intre cando vin o proxecto en comisión, expliquei o fondo da cuestión, ese proxecto como nacera e como se podía dar solución. Isto pasa por unha negociación política de reunir a todos os promotores no Concello chegar a un acordo do que van aportar, se valorar non sei se por metro lineal ou doutro xeito de urbanización e o resto o faría a Concello a través de Lans ou inversións, pero bueno, esa era a filosofía do Plan por tanto para nada non quero evitar o tema das fecais ao río e ao mar, lonxe da nosa intención iso. É un problema e ademais sí se canalizou a tubería e ogallá me engane eso non vai ser solución porque esa tubería con ese grosor, e esa caída, me temo que a auga non vaia retroceder para atrás, son dous tuberías igual me engano pero a tubería xa veredes como vai ir para atrás. Logo hai uns pozos que ao evitar os aliviaderos cara ó río ao taponar iso cando vaian en carga van sair pola rúa Real, porque xa pasaba, e é complicado porque res ten a orografía que ten , pero todo o que se faga para evitar as fecais ao río e ao mar, eu todo iso tentarei apoiálo na medida do posible e se subsane canto antes. A miña proposta era se nos víamos co problema porque como sabes o facer coincidir as obras e hai prazos e certificacións, pois si é así queda solucionado coa proposta que fas. Pero me temo que as certificacións non se fan agardar e se poden perder subvencións e iso te corresponderá a ti como responsable do goberno para coordinar prazos e non perder a subvención.

Por outra parte está o tema de facer unha inversión e logo rompela, é o máis ilógico que se poda facer, polo tanto como non tiveron tempo a estudar os proxectos, se nos deron a última hora.

Co tema do asfaltado do Camiño Louseira igual, este plan de Cooperación dos Concellos da Deputación se nos van dar a auga se vai asfaltar a obra cando rematemos de asfaltar o camiño e hai que coordinar e ó mellor había que darlle unha capa de aglomerado quente porque o riego asfáltico aquí non aguanta, e ademais hai unha Moción aprobada por todos os grupos e si se vai priorizar a obra de Cervás, e esto entra na baixa do POS 2009 e se vai executar ao final do 2009 e xa nos



aprobaron o tema da auga., é responsabilidade do que governa e eu o digo en plan positivo de buscar solucións coas que me atopei unha vez estudado os proxectos e trazado. O meu voto independentemente salvando a miña intervención polo procedemento en canto ao tempo para estudar e levar propostas que o meu voto vai ser favorable, pero ti me contestas que vas facer coincidir tal, eu vexo ben, o meu voto vai ser favorable pero me temo que non coincidan prazos.”

Toma a palabra o Voceiro do BNG: “seguramente que achacarlle todas as responsabilidades a unha soa parte pois pode ser unha pequena aventura pero en todo caso hai unha parte que sí lle corresponde aos promotores desa zona, según se define no apartado 1.1.2., obxceto do proxecto de PROYFE, se dí que a situación actual se ve influenciada pola rapidez da consolidación edificatoria da zona e dí esta renovación parcial dos colectores de saneamento provoca unha falta de continuidade de infraestructuras tanto nas zonas non edificadas como nas edificadas nas interseccións da rúa Real ou María, onde os colectores preexistentes, non poden ser aproveitados para a conexión dos desagües dos novo edificios. Eu non invento nada, poque a empresa que fai o proxecto parte dunha avaliación técnica. Por certo é moi aventurado e implica un descoñecimento da realidade dicir que hai casas que non estan vertendo. Hai casas que verten a rede do alcantarillado dende a cimentación. Hai casas que votan auga e area pola rede de alcantarillado dende fai 4 anos. Hai máis problemas obras ilegais, desvíos que se fixeron, e si entramos en profundidade no que pasou alí, e en relación coa Xunqueira e o humidal, chegamos a un debate interesante. Eu, da lectura do proxecto que se trae aquí, creo que se da solución ao problema que se define no que acabo de leer eu, mezclar esto co tema das fecais, parece que nos coloca a aqueles que discrepamos co modelo técnico como os autores ou consentidores de que as fecais se sigan vertendo. É un debate sen sentido e os problemas son moi grandes. O Alcalde fala dunha cousa que me chama moito a atención, “xa sabemos das dificultades para entendernos cos promotores”, e me chama a atención porque para entendernos para outras cousas hai bastante boa disposición. Entón a min que se me explique por qué 50.000 ou 60.000 € igual que asumen eles parte do que están facendo non poden ser asumidos nunha obra de carácter colectivo nun reparto proporcional en función aos metros que teñen. Claro, porque efectivamente se había un problema dende hai tempo 15, 20 ou 30 anos, é certo que o problema se convertíu en o que denominaba o Alcalde nunha entrevista dunha revista que o Mazote parecía Beirut, e non parece Beirut dende sempre, senón que dende que apareceu un exército que sabemos cal foi. Non teño nada en contra dos promotores, e me fastidia que coas necesidades que ten este Concello, 50.000 €, que poderían ir para outra cousa e que eles os podían pagar porque non lles costa nada, porque fixeron o que lles deu a gana moito tempo, non os paguen de xeito colectivo e subsidiario. Eso non é dicir en absoluto que non se faga urxentemente o tema das fecais, pero tamén, e remato, coincido co que dixo o voceiro do NAL que os problemas están concatenados todos ahí, e a ver si coa resolución dun problema creemos outro, sabemos como están as cotas, os problemas que hai, as canalizacións do río, etc, etc, etc. Por tanto eu creo que esto esixiría un debate que por certo teño que dicir, e remato polo primeiro que dixer, nós non poidemos dar en profundidade porque a primeira vez que soubemos que había un proxecto foi en concreto cando se nos presentou en xunta de voceiros, o día 21 de novembro, polo tanto malamente podíamos discutir de algo concreto, aparte do que discutimos sempre que hai que mellorar as cousas e logo cando temos os proxectos técnicos as veces os técnicos tamén se equivocan, polo tanto nos mantemos o expresado na emenda que propuxemos antes e que xa non repito”

Toma a palabra o Alcalde: “Procedemos á votación votando en primeiro lugar a emenda que propón o BNG, e O Pleno da Corporación por 2 votos a favor (2 BNG), 5 votos en contra (5 PSdeG-PSOE e 6 abstencións (5 PP e 1 NAL), acorda rechazar a emenda proposta polo Grupo Municipal do BNG.



Acto seguinte sometese a votación a aprobación do POS 2009, e o Pleno da Corporación por 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 5 PP e 1 NAL) e 2 abstencións (2 BNG) acorda:

1. “Aprobar o **Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009** no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto
Realización de Nudos de Infraestructuras na			
Avda do Mazote	66.319,39	3315,97	69.635,36
Dotación de Rede de Pluviais na Avda dos			
Castros	73.095,87	4021,85	77.117,72
TOTAIS	139.415,26	7337,82	146.753,08

2. Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2009 e que se relacionan no punto anterior.
3. Aprobar o Plan complementario do ano 2009 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Denominación da obra	Presuposto
Reparación e Asfaltado dende a Rúa da Igrexa ó lugar de Sandés	33.996,90
TOTAIS	

4. Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
5. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2009 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2009.
6. Solicitar á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.
7. Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto nº 3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE ARES, SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTENEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Froito da sinatura do Pacto Local as administracións Autonómicas e Consellerías están asumindo de xeito progresivo determinados gastos que xeran algúns servizos públicos nos Concellos, concretamente son dous: os custos de manetemento de edificios adicados a Centros de Saúde e colexios.

Vai máis avanzado o da Consellería de Sanidade, e tamén negociamos con Educación que esta suma que ten que asumir en virtude co Convenio Marco e os gastos que o Colexio xera ó Concello. Estamos en materia, en fase de negociación con Educación e con Sanidade, xa nos



chegaron os requisitos que esixen para asumir os custos. Estes son: a sinatura dun convenio, e por suposto nese convenio a cesión do Centro de Saúde. Nós xa lle cedimos o solo, a parcela, para facer un centro de saúde para que eles asuman os gastos do edificado enriba. É un diñeiro que o Concello se vai aforrar e poderá adicar a outras cousas. Se abre un turno de intervencións “

Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “ Eu como dixen na Xunta de Voceiros me alegro e entendo que é unha boa saída, xa estamos reivindicando este tipo de gastos porque ademais ou a maiores se nos estaba esixindo tanto nun caso como noutro máis do conveniado polos Concellos e concretamente me vou centrar no Colexio, porque aparte, eu me imaxino que a ti como Alcalde te chegarán peticións que chegaban con anterioridade, fora dos conveniados, a través da Dirección do Colexio como da APA esixindo algo ao Concello cousas que non eran competencia. Isto era unha inxustiza, emite unha presión social en cuanto á presión que se fai pola APA e a Dirección do centro e chegaban ao Concello con presións e esixencias e somos os primeiros en querer solucionar e logo de ter que executalos porque chamabas á Consellería e cando non collían o teléfono daban largas por resposta. Por tanto o problema é dos Concellos e inxustamente se fai un mantemento fora do conveniado que non lle correspondería ao Concello, ademais quero recordar que se fixera un estudo económico do que suporía isto anualmente ao Concello de Ares, as persoas que facían mantemento e traballos e materiais de ferretería e iso multiplicaba por tres ou catro o que a administración daba ao Concello de Ares e me alegro de que este sexa o primeiro paso e o segundo que sexa o Colexio porque o de someter a presión aos responsables do goberno de cada momento pois non era, as necesidades se xeran e logo hai que cubrilas, por tanto o meu voto vai ser favorable.”

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: ” Incidir en que hoxe é un día en que temos que estar contentos e eu persoalmente máis porque eu como moitos Alcaldes no seu día presionamos á FEGAMP para chegar a este acordo do Pacto Local porque era inxusto, non só estamos falando do que nos daban do Colexio (24.000 €) e polo Centro de Saúde (25 ptas por cartilla) senón porque a competencia de Sanidade e da Educación son das Consellerías, e o Concello se ten que facer cargo das presións do cidadán, e facer obras que non nos correspondían, como administración máis próxima ao cidadán, e a obriga que tiñamos nós co CPI era reparar pintura, persianas e fontanería e ao final tiñamos que facer de todo ata arrancar tellados, co Centro de Saúde nos pasou o mesmo, destinar unha persoa durante anos, polas tardes, en exclusiva para facer todo e con 24.000 € pagar, luz, telefono, calefacción e isto, ao Concello se lle multiplicaba por quince. Cando unha administración ten unha competencia hai que tela, e a educación e a sanidade son da Xunta. Nós non temos que facer estes gastos, que os Concellos non estamos para isto, senon para servir os cidadáns e mellorar a calidade de vida e non manter edificios que non corresponden ás competencias municipais. É un gran día. Vamos a aprobar isto.”

Rematas as intervencións o Sr. Alcalde-Presidente, somete o asunto a votación e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Punto nº 4.- EXPEDIENTE DESAFECTACIÓN INMOBLE CENTRO DE SAÚDE

Intervén o Alcalde-Presidente: “Este punto ten que ver co punto anterior, efectivamente a tramitación dese procedemento esixe a desafección do inmovible do Centro de Saúde“



Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: "Eu creo que a desafección esta non se fixo no intre de facer o novo Centro de Saúde."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Non, nós cedimos a parcela, o subsolo, non o edificio, entón este tema é sobre o edificio, se cedeu a parcela e non o que había nela."

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: "Nos temos que ceder a parcela e eles desafectar eso para Centro de Saude. Eso está agora cedido para Centro de Saúde, agora para que eles o volten a reclamar tiñan que desafectalo eles primeiro, son de momento os competentes do Concello."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Pero é municipal."

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: "Municipal é todo, tamén o Colexio."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Pero efectivamente o tema para que a Consellería asuma os gastos esixe esto. Este edificio está condeado a ser derruido, e mentres esté que se paguen os gastos de mantemento. O edificio o van tirar e xa teñen a parcela a disposición."

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: preguntando se do do proxecto sabemos algo"

Intervén o Alcalde-Presidente: Respostando que sae a licitación.

O Sr. José Manuel Cendán Fernández Voceiro do Grupo do P.P: pregunta se xa está feito "

Respotas o Sr. Alcalde-Presidente: "O proxecto este mes sae a licitación o que é a redacción."

Rematado o debate sometese a votación o Pleno do Concello por unanimidade o que supón a maioría absoluta legal acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica do Centro de Saúde, quedando desafectado do dominio público e pasando a patrimonial.

2º.- O abeiro do artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño o expediente sometese a información pública durante o prazo dun mes.

3º.- Caso de ausencia de alegacións o presente acordó provisional elevarase automaticamente a definitivo.

Punto nº 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A ANTERIOR SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a



celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno por unanimidade darse por enterado.

Punto nº 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS

A) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE ARES CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dada conta da proposta de Declaración Institucional do seguinte teor literal:

“ A SOCIEDADE CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO.

A Lei Estatal contra a Violencia de Xenero vai cumprir próximamente catro anos de vixencia e a Lei Autonómica 11/2007 de 27 de xullo leva máis dun ano en vigor.

Pero o éxito de Leis como estas esixen tamén un apoio e vontade social completos e sen fisuras: As normas emanarán da sociedade, impregnar a quen van dirixidas e profundizar e enraizar na súa memoria colectiva. Son os dereitos básicos da cidadanía e por ela deben ser defendidos.

Por iso, este ano debemos, ademáis e complementariamente, render a nos amáis profunda homenaxe a aqueles cidadáns e cidadás que antepuxeron ata a súa integridade física á axuda solidaria ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

A aqueles cidadáns e cidadás que loitan e o seguirán facendo por devolver a dignidade ás mulleres que, polo mero feito de selo, sofren a mentalidade posesiva e machista que ás veces incluso cústalles a vida.

A aqueles cidadáns que intentan cambiar as mentalidades opresoras e represivas dos maltratadores, e a iso adican o seu esforzó e traballo con total honestidade.

A aqueles cidadáns e cidadás, que tanto dende os estamentos sociais en contacto con esta secuela como aqueloutros e outras desde a súa vivencia cotiá, fan recuperar ás vítimas de violencia de xénero a liberdade que lles é negada e á que todos os seres humanos temos dereito. Uns teñen nome como Daniel Oliver ou Jesus Neira. Doutras e doutros non coñecemos os seus nomes, pero sabemos que están entre nós, loitando denodadamente para devolver a liberdade, a dignidade e a xustiza ás mulleres vítimas da violencia de xénero. Eles e elas han de ser os referentes, as persoas que orienten as nosas vontades para erradicar, entre todos e todas, a dor, o sufrimento e o temor da nosa sociedade, recuperando definitivamente a nosa calidade de cidadanía digna e libre, en igualdade plena.”

Intervén o Alcalde Presidente “Neste eido hai unha Declaración Institucional e unha Moción do BNG co mesmo motivo que é o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. A Declaración Institucional, busca máis que nada recoñecer á sociedade civil, non se fai moito fincapé no papel dos poderes públicos como outros anos, senón simplemente se fai mención efectivamente de aquelas actuacións que merecen un recoñecimento neste eido, como pode ser efectivamente Daniel Olivero, Jesús Neira, que de algún xeito representan unha loita denodada en contra a violencia de xénero ponendo en perigo a súa propia vida, ten un ton de recoñecimento dos diferentes cidadáns



e que a eles lles corresponde un papel importante nesta loita. Eu non sei si como coinciden boa medioda o contido coa Moción do BNG non sei si efectivamente o BNG estaría disposto a falalo todo nun punto ou primeiro votamos o primero e logo toma a palabra o voceiro do BNG e defende a súa.

Intervén o voceiro do P.P. Sr. D. José Manuel Cendán Fernández:” Eu creo que na Comisión de Servizos Sociais estivemos falando sobre esta declaración e fixen fincapé no tema dos medios de comunicación e personaxes que cobran a conta desto e que é increíble que as televisións den cobertura a estas actuacións e nos olvidamos de recoller eso un pouco, porque creo que é lamentable a un se lle pon a pel de galiña ver eses persoaxes polas televisións cobrando e defendéndose.”

Intervén o Alcalde Presidente “Me olvidei dese punto, é certo que habería que engadir un punto onde se fixera alusión aos espectáculos públicos que vanalizan esta situación na telebasura e lle pregunta ó Sr. Manuel Cendán Fernández se ¿Tes algunha redacción?”

Intervén o voceiro do P.P Sr. Manuel Cendán Fernández.:” Non pero a redataches ti.”

Intervén o Alcalde Presidente “Me olvidei e agora mesmo non me acordo. Poderíamos poñer: **“Asímesmo mostramos o noso rexeitamento aos espectáculos que se están a dar nas televisións, vanalizando e dando lugar a frivolar nunha materia onde efectivamente...nos medios de comunicación sociais....”**

Intervén a Concelleira do BNG; Dña Belén Abeal Pérez: “Me gustaría falar un pouco do que se trae aquí do Concello, traer unha Declaración Institucional queda moi bonito, pero esta queda corta. Unha declaración así tería que ser máis concreta sobre todo o que ten que facer o noso Concello para axudar ás mulleres. Un exemplo do que se pode facer é a Moción que traemos hoxe nós aquí, e xa explicarei máis tarde. Outra cousa que tampouco me gusta son as formas que se usan para acadar consenso e eu non as utilizaría. Pido que o vindeiro ano cando se quera facer outra Declaración se pase primeiro por Comisión de Servizos Sociais e se leve a proposta no expediente para poder facer as aportacións que cada grupo, crea convinte. Agardo que non se me conteste aquí o mesmo que na comisión o que me dixo o Sr. Alcalde ti o pides e eu o fago se quero. Pido un cambio de formas neste Concello, tiña moitas esperanzas pero cantos máis días pasan menos ilusións me quedan.

Na Declaración se fala de dous homes pero hai moitas persoas que están facendo moito en violencia de xénero, hai asociacións de homes que apoian a este grupo e actividades en contra da violencia de xénero, e tamén sería xusto recoñecer a labor duns veciños nosos deste Concello como son Ramón Arce Fernández e Francisca Fariña Rivera que adican o seu traballo na Universidade de Santiago e teñen traballos pioneiros moi premiados sobre os agresores e a intervención penal e rehabilitación dos maltratadores. Tamén fixeron moitas aportacións á nova Lei Integral Galega contra a Violencia de Xénero e axudan moito co seu traballo ás mulleres. Esta lei supón un avance ao respecto da Lei do Estado moi importante. Incorpora recursos e medidas para que as mulleres en situación de violencia machista independentemente de que éstas denuncien a súa situación ou non, tendo por tanto unha maior eficacia e maior apoio a estas mulleres que aínda non se decidiron a denunciar e non impide que podan facelo logo e isto non lles resta todo tipo de axudas que podan recibir das nosas institucións e Concellos; todos sabemos que non é fácil denunciar, polos fillos, a vergonza e sobre todo estas mulleres necesitan axudas dado que moitos dos problemas de violencia contra as mulleres son debidos á sociedade patriarcal pola que nos reximos e que as deixa fora do eido laboral e social moitas veces. As Declaracións Institucionais son moi bonitas pero gusta máis



axudar ás mulleres e se pode facer dende o Concello con por exemplo a Moción que explicarei logo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “A Declaración Institucional se levou a Xunta de Voceiros e o voceiro do BNG pediu levala á Comisión e se levou. “

Intervén a Concelleira do BNG: “Dna Belén Abeal Pérez: Pero e que xa o pedimos, xa houbo outra”

Intervén o Alcalde-Presidente: “ Entón se levou á Xunta de Voceiros para sometela á aprobación dos voceiros, e o voceiro do BNG pediu levala á Comisión Informativa de Servizos Sociais que foi ese mesmo día, se levou e a ti non te gustou, porque preferías primeiro levala á comisión e logo a xunta de voceiros esa é unha cuestión de procedemento e me atinxe a mín. eu fago as ordes do día por eso cometí o erro de metelo en xunta de voceiros, logo o voceiro do BNG pediu levala á comisión informativa e se levou, houbo algún problema. E a comisión informativa efectivamente un texto do que me esquecín do que dixo o voceiro do PP e metimos o que dixeches ti, da Lei Galega e sempre se describe a situación a beneficio propio e o voceiro do BNG ao que nunca lle damos a razón, porque nunca temos en conta o que dí, pediu que se levara a comisión informativa, se retirou o asunto de xunta de voceiros e se levou á comisión porque efectivamente como el dí, nunca facemos o que el dí.

Intervén a Concelleira do BNG; Dna Belén Abeal Pérez: “¿Teño resposta? Grazas. A anterior Declaración xa ocorreu o mesmo, e a petición nosa é levala á Comisión de Servizos Sociais, eu nin sequera puider leer a Declaración, a leiche ti e tiven copia aos cinco minutos. As cousas non son así e hai que facelas ben, é moi bonito unha Declaración Institucional pero ben feita, e todos temos dereito a participar e dar a nosa opinión, porque senón é unha Declaración Institucional do PSOE. Grazas.”

Intervén o Voceiro do PP: “Eu non estiven na Xunta de Voceiros, pero creo que Belén, estiven na Comisión de Servizos Sociais e aportei algo, ti tamén o da lei Galega, home algo fixemos, pero eu estiven noutra Administración na da Deputación Provincial, e alí lle correspondía tamén este tema a unha compañeira túa de servizos sociais e as Declaracións Institucionais se facían polos voceiros o mesmo día do Pleno, se pode mellorar pero home se aportei algo na comisión e é unha Declaración Institucional de todos e de participación de tódolos grupos políticos e creo que ningún nin Alcalde nin oposición, non houbo problemas para engadir algo, se recolle todo. Outro tema é a túa Moción e que a defendas, pero non quitar isto de contexto porque unha Declaración non ten máis lóxica. O voceiro do BNG pide levala a comisión e se leva. Pero isto se fai así nun consenso dos voceiros e se lee antes de comezar o Pleno, que non foi o que se fixo aquí e se lee polo Secretario, e leida polo Sr Secretario, pero non debemos quitar de contexto unha cousa destas. É a miña opinión.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Xa se debatíu suficientemente, xa se interveu dúas veces cada voceiro e pasamos á votación, e o Pleno do Concello por 11 votos a favor (5 PSOE, 5 PP e 1 NAL) e dúas abstencións do BNG acorda prestarlle a súa aprobación, a Declaración Institucional antes transcrita coa emenda:

“Así mesmo mostramos o noso rexeitamento aos espectáculos que se están a dar nas televisións, vanalizando e dando lugar a frivolar nunha materia onde efectivamente...nos medios de comunicación sociais....”



B) MOCIÓN DO BNG “25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.”

Dase conta da Moción do BNG, do seguinte teor literal:

MOCION AO PLENO DO CONCELLO DE ARES: 25 DE NOVEMBRO, DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, ten que ser unha data de compromiso dos gobernos co conxunto de organización sociais e da cidadanía en xeral para a sensibilización e a actuación respecto do grave problema que constitúe a violencia machista.

É pois, unha data para a denuncia activa de toda a sociedade en contra da violencia que se exerce contra as mulleres en razón do seu xénero.

Todas, todos, podemos facer algo contra a violencia machista

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero, os recursos creados para atender ás mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno, máis é necesario optimizar o seu caso e achegalos con maior eficacia ás mulleres.

Por outro lado, a prioridade das acción políticas que se dirixen á atención das mulleres que padecen a violencia machista é tal que non deben verse influídas por conxunturas económicas, antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos, aínda en momentos de crise.

O papel que teñen os Concellos é fundamental, pois desde eles pódese garantir a atención, o acceso aos recursos e a prevención directamente. Así poden constituírse en modelo para todas as veciños e veciños na actuación eficaz e posta en marcha de políticas de intervención reais e que sexan eficaces á hora de mentalizar na prevención da violencia e actuar coordinada e axilmente ante situación deste tipo.

Este compromiso é fundamental á vista das cifras de denuncias realizadas e cifras de casos concretos de violencia que en moitas ocasións acaban coa vida das mulleres a máns das súas parellas ou ex-parellas.

É necesario implicar ó conxunto da cidadanía, trasladarlle a información actualizada, e corresponsabilizar os axentes sociais para que poidan intervir directamente sobre os casos que se puiderem dar, porque tratándose dun problema de carácter social, imbricado nos valores sociais existentes e cun carácter estrutural, que ten as orixes nas relación de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, precisa de medidas artelladas desde a propia sociedade. Temos que construír unha sociedade onde o centro sexan as persoas, sen distinción de sexo e igualitaria.

É por isto polo que cómpre a implicación de toda a administración, tamén das municipais, no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. E son tamén os Concellos que poden artellar mecanismos de responsabilización e implicación de toda a cidadanía para acabar coa violencia machista.

En consecuencia o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte.

ACORDO

Mellorar a efectividade das acción contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e/ou comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e



de seguridade, e que teñan como finalidade axilizar o acceso á atención e aos recursos para as mulleres que padecen a violencia machista.”

Intervén a Concelleira do BNG; Dña Belén Abeal Pérez: “Comezo dicindo que todos e todas podemos facer algo contra a violencia de xénero, sobre a violencia machista. Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero e os recursos creados para atender as mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno. Máis é necesario optimizar o seu uso e achegalos con máis eficacia ás mulleres. Por outro lado a prioridade das accións políticas que se dirixen ás mulleres que padecen a violencia machista é tal que non deben verse influidas por coxunturas económicas. Antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos aínda en momentos de crisis como estamos agora. O papel que teñen os Concellos é fundamental, e dende eles pódense garantir a atención, acceso a recursos e prevención directamente e constituírse en modelos para todos os veciños/as na actuación eficaz e posta en marcha de políticas de intervención reais que sexan eficaces á hora de mentalizar na prevención da violencia e actuar coordeada e axilmente entre as situacións deste tipo. Este compromiso é fundamental á vista das cifras de denuncias realizadas e cifras de casos concretos de violencia que en moitas ocasións acaban ca vida das mulleres, a mans das súas parellas ou das súas ex parellas é necesario implicar ó conxunto da cidadanía, trasladarlle información actualizada e corresponsabilizar aos axentes sociais para que poidan intervir directamente sobre os casos que se poidesen dar, porque trátase dun problema de carácter social, implicado cos valores sociais existentes e cun carácter estrutural que ten os orixes nas relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, precisa de medidas artexadas dende a propia sociedade. Temos que construír unha sociedade onde o centro sexan as persoas sen distinción de sexos e igualitaria e por isto, polo que cumpre a implicación de todas as administracións tamén das municipais, no desenvolvemento de actuacións encamiñadas á previr e paliar estas situacións. Son tamén os Concellos quen poden artexar mecanismos de responsabilización e implicación de toda a cidadanía para acabar coa violencia machista, en consecuencia, o Grupo Municipal do BNG solicita no Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

Acordos:

Mellorar a efectividade nas accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e/ou comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais educativos e de seguridade e que teñan como finalidade axilizar o acceso á atención e a recursos para as mulleres que padezan a violencia machista.

Eso é o que pedimos nós, que o Concello teña estes protocolos tan importantes para solucionar este tipo de problemas.”

Toma a palabra o Voceiro do NAL SR. Luis Cendán Fernández: ”Eu vou ser moi breve, dicir que todo o que recolle esta Moción está ben, estou de acordo e todo o que faga neste sentido é pouco, pero desgraciadamente a realidade é outra. Eu xa o dixen incluso cando falábamos da Declaración Institucional que desgraciadamente facía referencia á Lei que aprobou o Parlamento Español por unanimidade e os resultados que está dando e temos que lamentar que iso non está producindo a efectividade que todos desearíamos incluso este tema xa ven de moitos anos, estamos un ano tras outro facendo todo tipo de declaracións, aprobacións, medios para ver si se atalla esta lacra social dunha vez e segundo as estadísticas e resultados desgraciadamente non é así, por tanto todo o que se faga é pouco. Precisamente estes días na prensa viña que por parte dos responsables da Xustiza desta zona de Ferrol se estaba pedindo un xulgado para o maltrato das mulleres, eu creo que tosos os medios e axilizacións que fala esta declaración son poucas seguramente, os medios ás



veces son limitados, pero todo o mundo ten a súa opinión e claro, eu dende o intre que se aprobou a Lei desgraciadamente dixen o que dixen e o que penso que é un tema moi complexo, da educación e iso van pasar décadas en que as novas xeracións teñan outra educación, e sexamos n'os responsables porque aquí falamos do maltrato da muller e son as propias mulleres non só os homes quen teñen a responsabilidade de formar a fillos e o análise empeza por nos mesmos e as consecuencias son as que son, a muller é nai e da unha opinión cando ve un caso perecido noutra situación pero cando é ó dela mesma e atañe a un fillo actúa doutro xeito e de xeito natural. Non é fácil buscar saídas hai que implicar á sociedade, todos temos fillos e nos pode chegar en calquera intre, uns por maltrato e hai xente maior que leva moitos anos convivindo se pon loco a persoa case sempre é o home pero tamén a muller e acomete unha atrocidade desta, isto dificilmente por moito que lexislemos non se pode evitar. Pero ben, todo o que se faga nese sentido é pouco. Esta Moción incide no mesmo, a vexo ben e polo tanto o meu voto vai ser a favor, pero desgraciadamente no ano que ven vamos estar nas mesmas, por tanto si se trata de aprobar a Moción eu o contido o asumo completamente e o meu voto vai ser a favor e outra cuestión son os matices en canto ao procedemento pero eu en canto ao contido da Moción decir que o meu votovai ser favorable por estar de acordo tal cual se presenta aquí.

Intervén o voceiro do Partido Popular Sr. D. José Manuel Cendán Fernández: “Decir que eu estou de acordo con todo isto, o que eu non pensaba logo de aprobar unha Declaración Institucional, que o BNG mantivera a Moción, creo que na Declaración debíamos estar todos e estar recollido todo pero nós non temos inconvinte en aprobar isto, nós non vamos presentar emendas nin presentar nada, pero a ética política habendo unha declaración sería retirala. Vamos a votar a favor.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Efectivamente ao ter aprobado unha Declaración Institucional pois xa estaría englobado.... Pero ben estendo as razóns e é un tema que ten que debatirse na comisión informativa de Servizos Sociais como se debateu a nivel Institucional, me gustaría que coa mesma coherencia este tema tamén pase a comisión informativa e que a decisión de presentar esta Moción pase tamén a comisión informativa.”

Intervén a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez: “En primeiro lugar eu non levo a orde do día da comisión informativa e como vostede moi ben dixo, en segundo lugar esta Moción non foi ocultada, está dende o sete de novembro no seu poder así que a puido levar se vostede a ve convinte levar a comisión informativa. Esta moción non ten que ver coa Declaración; aquí hai unha petición expresa de creación de protocolos locais... ¿Existen?”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Efectivamente dende o Centro de Información á Muller actúan de acordo cos Protocolos da Xunta, a Psicóloga non fai o que quere, está no ámbito dun CIM, perdoa que te interrumpa”

Intervén a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez: “Eu quero un expreso para Ares, vendo o que me contestache o outro día, quero saber o que se vai facer con unha muller que sofre malos tratos cando acude ao Concello, me gustaría saber os pasos que se dan dende aquí.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Hai un protocolo no CIM e o podemos levar á comisión informativa.”

Intervén a Concelleira do BNG, Dna Belén Abeal Pérez: “Pois o vindeiro día mo ensinas.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Procedemos a aprobar en primeiro lugar que quede enriba da mesa e pase a comisión informativa”



O Concello Pleno por 5 votos a favor (5PSOE), 7 votos en contra (2 BNG e 5 P.P.) e 1 abstención (1 NAL), acorda rechaza-la proposta.

Acto seguinte sometese a votación a Moción, e o Pleno da Corporación por 8 votos a favor (2 BNG, 5 P.P. e 1 NAL) e 5 abstencións (5 PSOE), acorda prestar a súa aprobación a Moción do BNG.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que “Queda aprobada a Moción do BNG cos votos do Partido Popular.”

Intervén o voceiro do BNG, D. Manuel Rodríguez Doval: “Aprobada pola maioría da Corporación, non cos votos do PP”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pola maioría da Corporación, non, cos votos do PP, como quedan moitas veces as miñas, para que vexa que se reparte. O que pasa é que vostede cando lle pasa aos demais o critica.”

Acto seguinte o Sr. Alcalde manifesta que hai unha cuestión de urxencia a parte das Mocións que poda haber. É a adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Nesa comisión amosaron a súa aprobación a esta adhesión os voceiros do BNG, PSOE, PP e NAL. Se reclamou o convenio e acaba de chegar ten data de entrada do 21 e si se considera oportuno se incorpora a este Pleno por motivos de urxencia.

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda ratifica-la urxencia.

En consecuencia, pasamos a aprobar o convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística informado favorablemente pola asesoría xurídica da propia axencia. É un convenio marco que se ofrece aos concellos.

Sometido a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestar-lle a súa aprobación o convenio que figura como anexo ó presente acordó.

ANEXO:

C ONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

En Santiago de Compostela, a.....de.....de dous mil.....

INTERVEÑEN:

Dunha parte, don Julio Iglesias Redondo, Alcalde do Concello de Ares, provincia de A Coruña, en representación do Concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, don Hipolito Pérez Novo, director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos Estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, de 31 de outubro.

EXPOÑEN:

1º.- a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, no seu artigo 226, establece que a



Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas función para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das función de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no Diario Oficial de Galicia. Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto Autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222 de 16 de novembro.

2º O Concello de Ares ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións Públicas axustarán as súas relación recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades entre si e, especialmente coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais trascendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

3º.- En virtude do establecido nos artigos 222.2 e 226 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determinan os artigos 209, 210 e 211 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo se estableza no convenio de adhesión.

4º.- Este convenio de adhesión obtivo a previa aprobación do Pleno da Corporación municipal de..... En sesión que tivo lugar en data..... de..... de....., co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no 226.2 da Lei 9/2002,



de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de data.....de....de....., de conformidade co disposto no artigo 226.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os intervenientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Incorporación á Axencia

O Concello de Ares provincia de A Coruña, incorporase e adhírese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, de 31 de outubro, e na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanísticas e protección do medio rural de Galicia.

Segunda.- Delegación de competencias

1º.- O Concello de Ares delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ó exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 209, 210, 211 e 222 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

- a) Solo rústicos en calquera das súas categorías (artigos 15 e 32 e disposición transitoria primeira, apartado 1 f) da Lei 9/2002).
- b) Solo urbanizable delimitado e non delimitado, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 14 e disposicións transitoria primeira, apartado 1 d) da Lei 9/2002).
- c) E núcleos rurais tradicionais delimitados no planeamento urbanístico municipal artigo 13 e disposición transitoria primeira, apartado 1 .e) da Lei 9/2002.

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no Diario Oficial de Galicia.

2.- Nesta Delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que será exercidas polo concello.

3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos dictados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao concello.

Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá remitilo ao Concello, co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.



4.- A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á dirección da Axencia e publicada no Diario Oficial de Galicia.

Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia.

1.- O Concello de Ares contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

- a) O 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade editadas no exercicio das competencias delegadas polo Concello,
- b) E o 50% do importe das sancións impostas pola Axencia dos responsables de infraccións urbanísticas en exercicio das competencias delegadas polo Concello.
- c) A cantidade de mil cento vinte e cinco euros (75 euros por 15 núcleos) que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

2.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Economía e Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao concello de Ares unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta.- Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Ares asume as seguintes obrigacións:

- a) Prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias.
- b) Facilitar ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento xestión e disciplina urbanística, así como toda información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;
- c) Prestar auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións.
- d) Absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada,
- e) Solicitar informe da Axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo Concello,
- f) Contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión,



- g) E respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto Autonómico 213/2007 de 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no Diario Oficial de Galicia.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidas á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta.- Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Ares perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima.- Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007 de 31 de outubro.

E para que así conste asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.”

Antes de pasar ó turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase se algún grupo ten algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola Vía de Urgencia:

Toma a palabra o voceiro do BNG: ”vamos presentar hoxe pola vía de urgencia unha Moción que evidentemente non lle correspondería entrar neste apartado pero como somos responsables dos actos que facemos e as razóns de motivar algunhas propostas trasladamos a este Pleno o debate e as decisións. Quero recordar aquí dúas cuestións que veñen recollidas no Regulamento municipal en vigor para sobre todo aqueles que saben moito. Artigo 24 -as sesións ordinarias, como a de hoxe, presentan dúas partes, unha primeira de carácter resolutiva e outra segunda con sustantividade propia e diferenza da parte resolutiva adicada ao control dos órganos da Corporación, quedando garantida de forma efectiva no seu funcionamento no seu caso a participación de todos os grupos municipais na formulación de rogos e preguntas e Mocións. Apartado que despois explicita no artigo 22.2 cando dí nas sesións ordinarias, como a de hoxe, tras rematar a parte resolutiva e ao pasar á parte adicada ao grupo do control dos órganos da Corporación se hai propostas e Mocións polos grupos municipais destinados ao control e fiscalización dos órganos de goberno, presentadas con anterioridade á convocatoria das sesións, trataranse tras caso contrario, deberanse tratar se procedesen pola vía de urgencia.

Ben nós vamos a propoñer hoxe tratar pola vía de urgencia unha Moción que por unha decisión unilateral efectivamente antidemocrática e por suposto contraria ao actual regulamento en vigor o Alcalde decidiu non incluír no orde do día, esta Moción foi registrada o día 19 deste mes, unha Moción que se refire a un acordo para promover a elaboración dun Plan Especial de



Protección e Reforma Interior para o casco de Redes con antelación á convocatoria do pleno ordinario, polo tanto eu creo que o Sr Alcalde dun xeito consciente é evidente que foi así, non creo que faga nada inconscientemente, todo o que dí e fai o fai moi conscientemente pero a consciencia debe ser tamén e o terreo no que se pisa ao que me referín antes e sobretudo dos dereitos que se están conculcando. O BNG non tiña por qué recurrir a un procedemento extraordinario que nos da total e absoluta garantía de que as Mocións presentadas con antelación á convocatoria dos plenos se inclúen de xeito automática incluso ata o día de hoxe é evidente que non se discutiron nin sequera na Xunta de Voceiros porque son Mocións dirixidas ao pleno, que logo acordará o que queira votalas en contra levalas á comisión, enredalas e todo o que podemos acordar o que queiramos, pero as Mocións que van dirixidas ao Pleno figuran ahí porque hai un mecanismo garantista que está recollida no regulamento de organización e funcionamento que creo que non está derogado, nin desapareceu coa nova Corporación. Polo tanto nese sentido Quero facer dúas chamadas e unha pregunta concreta:

Primeira chamada, evidentemente non se traspase o límite do que debe ser a actuación democrática e a un lle pode gustar o regulamento que existe como a un lle pode gustar unha Constitución e pensamos e eu é o que penso, que hai que modificala, pero me parece que posiblemente sexa dos que máis a cumplan. Entón nese sentido non sei si o Alcalde non lle gusta o Regulamento que se aprobou na anterior Corporación, como non me gustaba a mín, e presentei alegacións, que finalmente non se tiñeron en conta e é o que temos. De maneira voluntaria e consciente se está olvidando destes artigos e impedindo na práctica que o noso grupo poda exercer aquí o dereito a opinar e formular propostas sobre uns temas que é máis de debate municipal nin sequera estamos aquí coa cuestión de que vamos falar da franxa de Gaza nin doutras cousas que tamén poderíamos facer, senón que falábamos dunha actuación das necesidades urxentes que ten o noso Concello e logo quería facer unha pregunta concreta ao Sr Secretario, si o Sr Secretario sabe se para o día de hoxe se incluíron as Mocións que estaban presentadas con antelación á convocatoria dos plenos si o Sr Secretario ten constancia de que as Mocións que viñan con antelación se incluíron normalmente como Mocións para o debate sen trámite de urxencia e si o Sr Secretario coñece o Regulamento de organización e funcionamento en concreto no que explicita no artigo 24 e no artigo 22.2, porque non vai ser o demo de que efectivamente coa non inclusión través dunha posición creo que persoal, e dende logo bastante falla de transparencia e moi antidemocrática cunha decisión do Alcalde que non quere incluír a Moción, podemos entrar nun camiño moi perigoso, moi perigoso, porque se pon en cuestión o funcionamento da propia institución e se pon en cuestión tamén os dereitos básicos que temos todos os Concelleiros a que se nos quite razón e se nos de razón de vez en cando e que podemoas traer aquí unha vez ao mes os asuntos que nós consideramos de urxencia,. Polo tanto eu me gustaría que con eses dúas aclaracións que lle pedín ao secretario, aclarásemos que a Moción do BNG non tiña que ser presentada pola vía de urxencia e que precisamente debería figurar no orde do día. Adianto tamén, que como o regulamento é de obrigado cumprimento, supoño que hai procedementos que de cara ao futuro se podan levar, non son nada partidario de xudicializar a vida política e polo tanto o que pido aquí simplemente é que se tome nota do que non se debe facer e logo que se saiba que a non inclusión desta Moción que foi presentada con antelación á convocatoria do pleno non é un acto democrático e non é un acto reglado en función do propio regulamento que temos da Corporación.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O Regulamento dí que as únicas Mocións que eu teño obriga de meter son as que teñen que ver co control e fiscalización dos órganos de goberno, e vostede quere meter un Plan Especial para Redes, e se mete por vía de urxencia e non teño obriga de traerlle os seus temas ao pleno, leemos ata o galego, distinto, o que sí é certo que hai unha cousa que se incumple gravemente, as intervencións non poderán excederse de 5 minutos, o cumprimos para o que convén e o incumprimos para o que a vostede lle interesa.”



Toma a palabra o Secretario Municipal: “A Xunta de Voceiros non é un órgano básico nin necesario nin complementario, prevese no ROF que poderá ser consultada á Xunta de Voceiros polo Sr. Alcalde, cando o considera oportuno para facer o orde do día. Fíxose a Xunta de Voceiros e eu como me corresponde levo a proposta dos asuntos da orde do día cronolóxicamente, POS, SERGAS, Convenio, desafectación, cesión, Mocións BNG ... logo corresponde ao Sr Alcalde facer a orde do día, e como dí o Sr Alcalde o regulamento orgánico fala de fiscalización e control e ata qué punto unha Moción do PEPRI é de control e fiscalización ou é de impulso.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non se incluíu sabendo que vostede ten a posibilidade de traela por vía de urxencia e a vostede quen lle impedíu traela por vía de urxencia... como se explicou na Xunta de Voceiros, o PEPRI de Redes está condicionado por un plan para todo Ares, e un convenio con Costas e o COAG e coa Consellería de Vivenda, está pendente de trabas e se repite traer este tema para cando sexa oportuno. Que temos diferentes criterios da oportunidade, non pasa nada. O metes por vía de urxencia, e eu penso que este debate é extemporáneo porque este es un plan especial e lle corresponde á Concellería de Política Teritorial, e logo a Directora Xeral de Vivenda quere vir a explicalo non entendo moi ben porque se meten, porque ninguén de Política Teritorial ven falar aquí de vivenda. O que sí é certo que se está pendente dun convenio para acadar os cartos.

Esto vai ir nun plan máis amplo, nun PXOM, a tramitación dun PEPRI é moi complicada e por qué non se trata na xunta de voceiros constituída efectivamente en comisión do plan. A xunta de voceiros do Plan se constitúe sen ningún problema e se leva este tema a debatir aquí, e vostede que traelo aquí correndo porque tiña unha charla coa Directora Xeral e había que promocionarse sen ver o intre oportuno, esas son as razóns polas que estamos en contra da urxencia e este tema ten que ir antes á comisión de voceiros do Plan. No anterior mandato tivemos poucas ou ningunha xunta de voceiros, e nesta lexislatura, se convocan as xuntas de voceiros, e entón non se usan. Hai unha xunta de voceiros exclusiva para estes temas e se estuda para vir a pleno. O sentido da xunta é buscar consenso. O seu raseiro é o seu raseiro, eso non se pode permitir, eu lle pediría que traia este asunto á xunta de voceiros como facemos os demais e se ve ahí.

Intervén o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval : ”Eu lle pediría que o dos cinco minutos que o aplique a quen fala os cinco minutos. Falou os cinco seus e quere falar os cinco meus. Non me deixa falar, me deixa ou non me deixa falar. Non pero o que vostede non é capaz de escoitar aos demais, é imposible que escoite aos demais sen facer comentario, contradecíndose dándonos unha dose de hipocresía e menos mal que están as actas nas webs, e se lee o que dicía vostede o ano pasado no pleno do 29 de novembro do 2007, o debate era, se non me interrompe, hai que respostar logo, hai que respetar a orde, como respetamos os demais. Non lle estou preguntando, teña un pouco de educación por favor, levo un minuto fando e me interrompeu catro veces. Por favor, non lle preguntei e se está metendo outra vez, non lle estou preguntando, esto non é a Universidade nin eu son alumno seu, comprende, bueno, pois si non o comprende apréndao e cando aprenda volve vostede aquí, a practicar o primeiro que hai que practicar que é educación. Cando non me interrompa eu non me cabreo. Me está interrompindo outra vez. Me está interrompindo, non me interrompa. Eu con educación vou a onde faga falla, sen educación non, ¿comprende? Norma básica. Simplemente lle dixen que eu non estou aquí na Universidade e vostede non é o meu profesor. Por favor, lle estou decindo que me respete, vale. Eu pensei o que estou decindo e dixen que esto non é unha Universidade e eu non sou sei alumno, vale. Mentras eu fale vostede me ten que respetar. Non é moito o que lle estou pedindo. Podo continuar. Simplemente estaba decíndolle que lembrara vostede cal foi o debate que tivemos o día 29 de novembro do 2007 e as razóns que



houbo naquel intre para non votar a favor a proposta que facíamos nós do PEPRI, o debate era que poñamos casco antigo e había que quitar o de antigo, logo finalmente nin con antigo nin con moderno, non se aprobou nada. Eu lle teño que pedir que vostede interpreta as cousas tal e como veñen e facer un argumento para decirlle a unha cousa que non implica utilizalo para todo, e vostede inclueu na orde do día outra Moción do BNG que aplicándolle o mesmo raseiro que lle está aplicando vostede era de control e fiscalización dos órganos de goberno. Por favor, outra vez. Non me deixa acabar de falar, claro, entón xa está contestado. Conclusión, esa a quixo meter e a outra non a quixo meter. Correcto. Por favor me deixa falar, a vostede por favor eu pido que se descuenten os minutos que me roubou a mín e se desconte da intervención que faga. Podo conseguir falar e rematar a miña intervención. Non lle estou preguntando se ve aludido por todo. É imposible falar así, estou acabando o meu discurso. O meu discurso non é unha conversa con vostede é un discurso nada máis. Quero recordarlle que efectivamente as Mocións ata agora e viñeron de impulso eu agora con todos os meu respetos, Sr Secretario, que vostede me fale de impulso, que quere que lle diga si o Sr. Secretario da Corporación vai agora a facer unha interpretación semántica do que é impulso porque a ver si propoñer un PEPRI ou actuación de rehabilitación, non é unha actuación de control, se propón porque se entende que non se está facendo. Se quere falamos de control e fiscalización. A ver si eu proponiendo unha actuación de rehabilitación no casco de Redes non estou proponiendo un control ou unha fiscalización sobre un grupo de goberno, e que vamos, en fin; eu son delineante, pero sei leer en galego, en español e en inglés, sei leer. Non fai falta eu ao Secretario lle preguntei outra pregunta que vostede non contestou, que é se ata o día de hoxe se incluíron todas as Mocións ou se pasaron polo tamiz de saber si eran de control, de fiscalización ou de impulso, e neste Concello, isto é unha novidade. Poñeremos ao día de hoxe, como o día que naceu o impulso. Qué gracioso non. É vidente que vostede non incluíu esta Moción porque vostede non quere que se fale desto e claro o problema é que eu creo que un Alcalde non se pode erixir en xuíz e parte. Un Alcalde forma parte dun grupo de goberno, forma parte dun grupo municipal, dun debate que hai que dar onde se ten que dar e sustanciar que é no Pleno, e ten a maioría que ten, levanta a man e a Moción non se aproba. O que non pode vostede é impedir é que eu entenda que este tema é urxente e que este tema hai que tramitalo a través da proposta que eu fago. O que pode vostede facer é utilizar un argumento primeiro dialéctico e logo o dos votos e votarme en contra pero entramos nun camiño perigoso e vostede parece mentira que non o saiba. Entramos nun camiño perigoso onde se convirte en xuíz e parte e dí non, esto non porque eu entendo que non. Non. Isto sí, todas as Mocións como se presentamos unha aquí, xa lle digo, sobre a Franxa de Gaza. Esa qué sería de control, de impulso ou de qué sería, e que home, ou a do cabo Gago, que discutimos o outro día qué é de control de fiscalización ou de impulso. Rozamos o ridículo e eu non me quero sentir parte dun colectivo que fai o ridículo según convén, polo tanto, vamos presentar esto hoxe aquí pola vía da urxencia, porque efectivamente creemos firmemente de que este tema é urxente e nos podemos equivocar e voulle decir unha cousa. Non me fale vostede da comisión que decida do seguimento do PXOM esa desapareceu vostede o sabe, claro que desapareceu, porque o PXOM, ou as modificacións que se queren facer se van facer por outro mecanismo e eu agradezo que vostede explique o tema, e esa comisión non se reúne dende o pasado mes de xullo, dende que tiñamos outro concelleiro de urbanismo. Casualmente é evidente que as comisións ás que vou se ven outras cousas. E acordo de elaboración dun PEPRI en Redes lle corresponde ao Pleno da Corporación. Non é eleboralo, é promover que é un acordo que comeza con esto e logo se diseña o plan de actuación. E vostede coñece o tema porque así o opinaba o día 13 de xullo, onde por certo se ía facer un PEPRI. Vostede o dí por qué non o podo decir eu. Un PEPRI garantirá o urbanismo popular de Redes, hai unhas declaracións non desmentidas, non se fala de Política Territorial nin nada. Isto non é Xunta de Voceiros, isto é o Diario de Ferrol, eu non disculto nos periódicos, para nós esto é urxente, e fago esta chamada. Alcalde eu para falar con vostede, me ten que deixar falar.



É así. Por iso lle dixen vostede o mesmo día que me retira unha Moción do pleno me dí que temos que falar . Sómos maiorciños.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O que temos que facer é votar a urxencia. Recoñezo que o de Redes é importante, a mín me importa e se está xestionando un convenio e estamos co planeamento. Esa comisión non está morta. Nesa comisión co seu voto en contra se aprobou o da modificación puntual. Decidimos non agardar e unha vez grazas a ese expediente tiñamos os cartos e contratamos e acabamos de facelo, e agora o equipo da comisión terá que traballar, non está morta decediu aprobar co seu voto en contra unha modificación puntual e se vai adicar a iso, porque a Dirección Xeral respostou e vamos contratar outro plan. Non diga o que non é. esa comisión vai seguir o que pasa que a vostede non está de acordo pero o plan segue o seu curso acabamos de contratar a modificación puntual e vamos comezar. Eu podo traer ao pleno cousas da miña competencia e se antes se querían traer mocións viñan porque había consenso na xunta de Voceiros. Todo o que ten consenso se trata e o que non ten consenso esta Alcaldía o retira. O que pasa que o seu que non reúne consenso vostede a trae igual. A trae por urxencia, e non a traio eu, só traio o que ten consenso e se se empeña o trae vostede, pero eu non. “

Toma a palabra o Sr Secretario: “Sr. Rodríguez Doval, polo que eu recordo todas as Mocións viñeron ao Pleno, en segundo lugar tras o pacto local de 1999 veu o regulamento novo e as novas normas de control e fiscalización cambiaron e en principio e por prudencia se debe traer todo pero o que ten decidir é o Alcalde.”

Intervén o Voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández: ”Eu son partidario de meter as Mocións e debater, logo o acordo ou as posicións pois cada un defende as súas. Neste caso estamos falando dunha Moción que veu fai un ano o 29 de novembro, que presentou o BNG con variacións semánticas pero que é exactamente igual a que presentou o BNG co que aprobamos o 29 de novembro, e na emenda que presentara o grupo socialista decía: promover un plan PEPRI para o casco urbano de Redes. Promover un PERI e dun ARI para o casco urbán de Ares, todos intervimos, dixemos o que quixemos, creo que está explicado que no Plan Xeral ven recollido case todo isto, e creo que isto é por oportunismo ou non pero se trae o mesmo outra vez ao pleno. Creo que o sistema sería diferente e voltar a discutir a Moción e os grupos a reiterarse na súa posición, creo que non sería o correcto e o mellor sería que se nun ano logo de aprobar unha Moción por parte do grupo de goberno no se fixo ningunha actuación do que se fixo neste Pleno e o interesante sería presentar outro tipo de acordo no cal o grupo de goberno, recordarlle que no pleno do 29-11-07 e que hai un acordo plenario incumpríndose ou pedir explicacións do que se aprobara no seu día. Volver a reiterar o mesmo aprobado no 2007, creo que non o entendo porque volve a mesma Moción á mesma situación un ano despois. Por parte da oposición se esixiría ao goberno cales foron os pasos e se non, cales foron os motivos de para este tema. Estamos perdendo o tempo posicionándonos os grupos no mesmo. É unha perda de tempo que é o que entendemos nós.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Procedemos a votar a urxencia. “

Sometida a votación á urxencia, o Pleno da Corporación por 3 votos a favor (2 BNG e 1 NAL), 5 votos en contra (5 PSOE) e 5 abstencións (5 P.P.), acorda rechaza-la urxencia da Moción.

Punto nº 7.- ROGOS E PREGUNTAS

Ten a palabra o voceiro do NAL, Sr Luís Cendán: “Son varias preguntas nunha, vou comezar por a nota de prensa aparecida o día 21 de outubro onde se facía eco no Diario de Ferrol que por parte do Concello se solicitaba unha Escola Taller, o día 21 de outubro do 2008 aparecía



tamén no mesmo diario que, non, no día perdón 18 de novembro, que por parte do Concello se solicitaba unha Escola Taller, e se decía que ao Concello de Ares lle concederan un taller de Emprego de 200.000 € a invertir en Santa Catalina, o día 20 de novembro se anuncia con foto incluída onde se recolle a sinatura do convenio por parte do Alcalde e a Xunta onde se recollen os baremos e as bases do persoal que se vai contratar e según parece son 25 desempregados especialidades de xardinería e albanelería e que comezará sobre o día 15 de decembro e que a duración do Taller de Emprego sería de 12 meses e cun presuposto de medio millón de euros. A pregunta é todos estes datos como vtde sabe son concelleiro dun grupo municipal onde non temos representación en todas as comisións informativas e como deste tema a día de hoxe non coñezo nada, simplemente pola prensa e pola nota do día 20 onde se especifica máis a min me xurden dúbidas, se é unha escola taller, taller de oficios, se qué módulos nos concederon, a duración do mesmo, porque quitamos en conclusión o que en elas pon, pois ofrece este tipo de dúbidas que se me ofrecen a mín, porque na nota do 18 de novembro o presuposto era de 200000 € e o día 20 de novembro era de medio millón, non sabemos criterios, equipo de profesorado, as bases e baremos que se van utilizar neste caso cales son, se vai haber comisión paritaria, Xunta – Concello, se nela vai estar incluída a lei 7/2007 de 12 de abril do E.B.E.P. artigo 60, onde se establece a selección e composición de tribunais para seleccionar todo isto. Eu me imaxino que isto se terá en conta e non contravir unha normativa con outra, comprenderá que eu teño dúbidas e non sei si isto foi a comisión e eu non me estou enterando e hai outros canles para informarme.

En canto á utilización e procedemento por parte do Concello, este voceiro fai as seguintes preguntas porque ten unha dúbida e non sei si se me pode contestar aquí, por escrito ou convocando unha comisión, ou o teño que pedir por escrito. A pregunta máis importante é si esto pasou por un órgano colexiado, adxudicación, solicitude, e preguntei ao Secretario se había expediente e me dixon que non lle constaba, porque claro se fala dunha escola taller e se fala dun taller de emprego e por tanto a miña pregunta é si isto foi a algún órgano colexiado e si o Alcalde ten intención de explicarnos esto nunha comisión.

A segunda cuestión máis ben é un rogo, polo bache da praza da Igrexa o empalme coa C/ San Andrés que eu mandei, perdón, llo dixen a Paco, formuleillo e o mesmo día botou zahorra e non aguanta. Eso foi unha obra de conexión da conducción da tubería por parte da empresa que stá facendo a obra na praza da Igrexa e era convinte esixirlles que ese bache hai que botarlle asfalto e hai máis de consideración e seguramente haberá moito máis e máis zahorra é tirar o tempo e os recursos.

Outra pregunta é que lida as resolucións do contraído de pago, unha delas que máis me chamou a atención, hai unha por importe de 950 € que é un anuncio nun periódico portugués, non sei o que se anunciou, e quería saber o sentido deste anuncio, publicado o 20/01/08.

Resposta o Sr. Alcalde, que eu as veces tamen me confundo, é un Taller de Emprego, a diferenza está en que as Escolas Taller empregan a menores de 25 anos e os Talleres de Emprego a maiores, cando saleu a posibilidade de solicitar isto, temos unha persoa que está pendiente destas solicitudes que é a Axente de Desenrolo Local, e dicidimos presentar un proxecto, nese proxecto como queríamos que se aprobara queríamos que fose algo atractivo o que ninguén poidera dicir que non, nos non vamos deixar de facer actuacións en San Catalina, pero se conseguimos a través dun Taller de Emprego non o temos que pagar nos, reparacións en Santa Catalina que tamén son urxentes as aforramos o Concello incluíndoas dentro do taller de Emprego, enton fixemos o proxecto sabendo que era moi difícil que dixeran que non, e o proxecto non veu aprobado hai tres



semanas, eu asinei o acordó hai nove ou dez días e se están redactando as bases. As condicións de contratación as pon o INEM, é para parados maiores de 25 anos, eles fan unha oferta e a selección se leva a través dunha Comisión Paritaria que aínda esta sen constituir, que creo que se vai a constituir o día 30 de novembro. As obras están sen definir hai que facer un proxecto que o ten que supervisar Patrimonio. As bases están sen facer, as ten que elaborar o INEM para facer a oferta pública de emprego, entóns podíamos levar a unha Comisión Informativa que nos habían dado un taller de emprego, e que vamos a actuar na cantina e facer uns baños; como vamos a actuar como nos diga Patrimonio, a quenes se van a contratar, dicir que vamos a ter as bases agora e a Comisión Paritaria se vai a constituir en breve.

Con referencia o do bache agora cando veña o bo tempo faremos unha actuación para tratar de solucionalo definitivamente.

Por último en relación co anuncio no xornal portugués, dicir que no Concello residían moitos cidadáns portugueses, os constructoras tiñan empregados o moitos portugueses, e apareceu un comercial do periódico quen nos manifesta que a gran parte dos portugueses existentes son da zona de influencia deste xornal e nos pediu se podíamos poñer un anuncio do Concello de Ares, e en aquel momento non nos pareceu mal a idea.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que ten tres cousas breves, unha primeira que é que no anterior Pleno eu lle fixen unha pregunta ó Sr. Secretario, que si tiña constancia das obras que había realizado no seu día Aquagest para as infraestructuras do Concello con cargo o convenio ou acordo que tiñamos no seu momento, dixome que en quince días estaba listo, pedir en todo caso que se axilice, para que saibamos se houbo investimento, se o pode haber ou como foi a cousa. Por outra banda unha petición que se transmitín por escrito e se me denegou e tampouco non entendo moi ben se por un lado se está predicando transparencia e eu non pode ver, os expedientes de paralización de obras, que saen a grandes paxinas nos xornais, mal vamos, entón reitero a miña petición, primeiro pedin todos os expedientes, se me dixo que todos non podía ser , e eu establecin un mecanismo que fora que se me deixara ver dous ou tres de cada vez, e cun sentido de volta atrás, e dicir primeiro os mais recentes, se me denegou novamente, e despois vexo o periódico e vexo en grandes letras expedientes de paralización, eu formo parte da Comisión de Urbanismo e hai non se tratou nada enton como entendo eu que me ampara o Regulamento de Organización do propio Concello, entendo que é un expediente que a mín me competente, posto que se trataría de información sobre algún asunto que en algún momento podo ter que tomar decisións, polo tanto solicito que se poñan a disposición do BNG o conxunto dos expedientes de paralización de obras, pola miña banda significar que irei a consultalos según se me vaian dando non irei a colapsar os xa colapsados Servicios de Urbanismo, que entendo que non o están sobre todo polas licencias de obras. E despois unha petición en relación coa Escola Taller, eu supoño que non hai outra Escola Taller nin outro Taller de Emprego, e aquí se ve unha peregrinación de persoas que según me manifestan que veñen a reunións, entrevistas ou contactos en relación coa Escola Taller, o Sr. Alcalde acaba de dicir, que non hai absolutamente nada, non sei si hai outro proxecto formativo, o cal se están dirixindo estas persoas que están vindo polo Concello desde o mesmo día que apareceu a nota de prensa, e non veñen a que os reciban, senon que son recibidos, polo tanto esperamos que se constitua esa Comisión de Seguimento. E despois quería facer unha petición aproveito que estamos no Pleno, que era saber en que condicións se fixo o novo acordo da xestión de uso das instalacións do Mosteiro de Montefaro, que se traslade eso a unha comisión e como acaba de dicir o Sr. Alcalde cousa que eu comparto que non son partidario de que os fondos do Concello se teñan de



destinar a manter instalacións que son propiedade doutras institucións, posto que o Mosteiro de Santa Catalina é propiedade do Ministerio de Defensa, na próxima Comisión de Cultura ou de Infraestructuras se nos de conta en que términos está o acordo de cesión de uso e que aclaremos en que términos nos que o Concello vai a facer o seguimento durante estes catro anos que según teño leído nos medios de comunicación social parece ser que se vai a manter este documento.

Interven o Sr. Secretario Xeral, manifestandolle o Sr. Rodríguez Doval, que cando lle fixo a pregunta eu resposteille afirmativamente, agora facer un informe xurídico de algo que esta nun contrato, o que lle podo e matizar e que houbo contraprestación penso que sobre trescentos mil euros, agora eu non recordo de haber quedado facer un informe.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, dando lectura a acta *“O Sr. Rodríguez Doval por unha cuestión de Orde preguntalle ó Sr. Secretario se sabe se en virtude do convenio que esta vixente con Aquagest, por esta se fixeron algunhas obras a beneficio do Concello. O Sr. Secretario resposta que sí que levaba. O Sr. Rodríguez Doval pregunta o Sr. Secretario se se podería contabilizar aínda que non sexa agora nun prazo duns quince días. O Sr. Secretario resposta que si se podería facer.*

No especial interese que ten o Sr. Alcalde en renegociar con AQUAGEST que a min tamén me interesa, eu quero saber cal é o punto de partida, quero saber se son trescentos mil ou cincocentos mil, ou se non invertiron nada, eu o dos quince non o retiro, o que quero e que se contabilice para que saibamos todos e todas que é o que realmente houbo de investimento en función deste acordo.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que a AQUAGEST se lles encargaban obras, unha das negociacións que tiveramos con eles precisamente era para que nos dixeran onde invertirán os coarenta millóns de pesetas, porque estaban facturando ó Concello.

O Sr. Alcalde manifesta que a idea con respecto ó convenio este é finiquítalo e procedela negociación dun novo convenio, hai unha alteración clara das circunstancias, os usuarios de hoxe non son os de antes, e en consecuencia este contrato esta superado pola realidade, e coñecendo que AQUAGEST é xenerosa con outros Concellos, sabemos que en outros Concellos se lles renovou a pagaron ata dous millóns de euros, entonces entendo que en Ares lles podemos esixir o mesmo, pero esto teremos que falalo nunha Xunta de Portavoces.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que eso xa se había feito posto que as condicións de Ares non eran as do ano oitenta e pico, se lles mandara un escrito e viñeran a falar concretamente connigo o Responsable de AQUAGEST e dixera que non había problema en renegociar o contrato, el traía unha proposta que era moi ventaxosa para a empresa, e se quedará de redactar un novo convenio.

O Sr. Alcalde manifesta que agora estamos diante dunhas condicións nas que AQUAGEST ten moita presión, porque hai unha nova Xestora da EDAR que non vai a ser AQUAGEST. A mín me viñeron dúas Empresas que me ofertaron por entrar no servizo pagar todo o que se lle debe a AQUAGEST e por riba poñen diñeiro enriba da mesa. Dalgunha maneira AQUAGEST está nunha situación privilexiada no Concello de Ares, eu creo que so esta a gañar diñeiro, que a responsabilidade social non a predica, abre unha rúa para facer unha conexión vota zahorra e xa pode esta así o tempo que sexa, chovendo, formando charcos, metendolle os veciños o auga nas portas, e mentras non lles esixas seriamente que o amañen definitivamente non traen a máquina. Ademáis soa a recochineo que en Cedeira se lle renove en lles den dous millóns de euros, entonces



que pasa os de Ares somos tontos, nese tema temos que entrar que tiñamos unha empresa ordeñando ós Aresanos gañando cartos, sen responsabilidade social, e o que gañan aquí o regalán en Cedeira, non pode ser se ten tantos beneficios como para regalarlle ó Concello de Cedeira dous millóns de Euros, aquí tamén, máxime cando temos núcleos sen abastecemento, haberá que pensar que nucleos de abastecemento pode pagar AQUAGEST, e ademáis lles ven ben, porque é un proceso que van a rentabilizar porque se crean novos usuarios, ese é un tema que terá que ir á Xunta de Portavoces e teremos que falalo entre todos para ver como enfocamos esa negociación.

Con relación as persoas que veñen por aquí, dicir que veñen a preguntar o Taller de Emprego, e se lles di o que teñen que facer, que é ir o INEM, e no caso de que xa traballen apuntarse como mellora de emprego, e se non traballan pois dicir que queren que os envíen para a Comisión de Selección, a xente ven aquí a preguntar, se lles atende correctamente e se lles dí o que teñen que facer, que ir o paro a dicir que queren concursar na selección do persoal do Taller de Emprego para Ares.

En relación a cesión de uso do Mosteiro de Santa Catalina, pois efectivamente pode levarse a unha Comisión para que loxicamente, coñezamos o que os seus termos reflexa, a razón e que eso esixe moitísimo diñeiro, o Concello de Ares non o ten e non quero pasar pola mesma situación que pasou o Alcalde anterior, se en catro anos ninguén quere asumir a rehabilitación, eso para o Concello de Ares é un problema, non quero que o cedan por vintecinco anos e cando se caiga o tellado o non o podamos amañar nos poñan colorados e nos quiten a cesión.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifestalle o Sr. Alcalde, que lle acaba de dar unha gran satisfacción coas explicacións que acaba de dar, porque ademáis eu outro día non cando foi a Conselleira non quixen intervir por educación, por deferencia, e porque non era o momento, pero si me gustaría dicirlle que o Concello de Ares, fixo os deberes, eso quedou deserto ou apartado dous anos consecutivos por parte de quen tiña que poñelo diñeiro enriba da mesa, coa memoria valorada, co estudio histórico que me parece ben que o fixera a Xunta que o pagou o Concello de Ares, seis mil euros a unha historiadora, e o Concello de Ares, fixo os deberes, e outra cousa é que a Administración, non respostadora como debía de respostar, e esixir o Concello en base a unha denuncia que se colocaron uns moteros, e denunciar o peche, cando o Ministerio de Defensa ten todo abandonado, e nos estábamos facendo o mantemento das instalacións e das estradas, que era a súa propia competencia, e foi o propio Concello quen lle dixo o Ministerio de Defensa que sere romper o convenio que o rompa, pero non se nos pode tomar de coña a unha administración pequena que non ten recursos para afrontar o mantemento. En canto o mantemento de xardinería, dicir que o Concello de Ares o que fixo, foi o mantemento da xardinería o desbroce das árbores, a coste cero, se utilizaron as cuadrillas de contraincendios e os voluntarios de Protección Civil, eu concretamente me negaba a que os recursos do Concello se foran a invertir ali. O Sr. Alcalde o había dito, recuperar o tellado é fundamental, e eso non se fai con declaracións e roldas de prensa, se fai con moita pasta enriba da mesa. E esa comisión que ten darlle o un por cento de Fomento para Santa Catalina, hai que mollarse e non deixalo deserto e darlo a dous edificios das mesmas características que están en Cataluña, é o segundo ano, eu creo que aquí había que facer unha declaración que implicara o Ministerio, e volvendo á intervención do Sr. Alcalde me satisface porque entendo que os recursos do Concello non se poden destinar a este mantemento.

Interven o Sr. Jose Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que en xaneiro de 2007, fai un ano cando creamos esta Comisión entre o Ministerio de Defensa e a Consellería de Cultura, e o Concello de Ares, e que quede claro e hai un acordo do Parlamento Español de que isto sexa rehabilitado con cargo o un por cento de Fomento, e van varios anos que isto vai destinado a outras



partes de España, e todos todos parlamentarios que deben defender que nos toque a nosoutros, porque a Xunta tampouco pode facerse cargo da totalidade da obra como nos o fixo saber o Director Xeral, que hai un compromiso e debemos de esixir que o Parlamento Español cumpra co compromiso que ten.

O Sr. José Manuel Cendán Fernández, di que quere facer un rogo, estivechedes falando da Escola Taller, tivemos unha experiencia moi negativa no Concello de Ares, que temos encima oitenta millóns que nos reclama Facenda, e o que voi a rogar aquí e que non volva a suceder esto que fagamos as cousas ben, que se constitua unha Comisión paritaria para xestionar esto, e non volvamos a cometer os mesmos erros. Os portavoces deberíamos polo menos estar hai e tomando decisión do que alí se vaia facendo, e non deixalo en mans dun Director da Escola Taller e despois pase o que pase.

Despois dicir que estades colocando as bandas rugosas, dicir que bastante alerta hai no pobo, se colocou unha e me chamou a atención, que non sei hai un compromiso por parte dalgunha persoa achegada a vos, pero o que esta na Rúa María que sabes que é dirección única, que esta frente á panadería eu creo que esa banda rugosa hai non ten porque estar, e creo que deberíalles buscarlle outra ubicación.

Volvo a reiterar o temas dos contenedores, eu falei con Pepe e falie contigo, hai buscarlle unha solución, a solución eu vola dixen, non temos porque ter conflitos que ninguén, hai un solar que esta vacío e esta a 10 metros, estas cousas hai que ter tacto e se se poden dar solución darlla.

Interven o Sr. Secretario, manifestando que quere facer unha rectificación, que falei de cincuenta millóns ou trescentos mil euros, pois efectivamente parece ser que son coarenta millóns de pesetas e dicir doucentos coarenta mil euros, non obstante comprobarei o contrato administrativo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e coarenta e dous minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO,

+